

Camiño da Mera			
horario	4h 40'	  1	severidade do medio natural
desnivel de subida	586 m	  2	orientación en el itinerario
desnivel de bajada	586 m	  1	dificultade en el desplazamiento
distancia horizontal	17,3 Km	  3	cantidade de esforzo necesario
tipo de recorrido	Circular		
Condições de todo el año, tempos estimados según criterio MIDE, sin paradas. Calculado sobre datos de 2023.			

Acceso ao inicio da ruta: no km 42,5 da AC-862 coller a DP-6122 e continuar 1 km ata a Illa de Mera.


Acceso al inicio de la ruta: en el km 42,5 de la AC-862 coger la DP-6122 y continuar 1 km hasta la Isla de Mera.

Escanee este código qr para seguir a ruta ca app Wikiloc.
Escanee este código qr para seguir la ruta con la app Wikiloc.



OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Av. Escola de Gaitas, s/n. 15.330 Ortigueira. A Coruña.
(+34) 981 422 089 / (+34) 981 974 103 turismo@concellodeortigueira.com
www.turismoortigueira.com



1. Miradoiro/Mirador de Vilarinho.
2. Miradoiro/Mirador da Mesa.
3. Castelo/Castillo do Casón.
4. Fervenza/Cascada do Casón.
5. Fervenza/Cascada de Pozo do Inferno.



Mera: néboa espesa e miúda, moi daniña para as plantas e os froitos por favorecer a aparición de fungos.

Esta é só unha das formas da auga que atoparemos ao longo deste percorrido, no que tamén sentiremos o orballo, veremos e oiremos os ríos e desfrutaremos das fervenzas.

*Lembre que o monte é o fogar de plantas e animais e un ben que debemos coidar entre todos.



Mera: niebla espesa y menuda muy dañina para las plantas y los frutos por favorecer la aparición de hongos.

Esta es solo una de las formas del agua que encontraremos a lo largo de este recorrido, en el que también sentiremos la llovizna, veremos y oiremos los ríos y disfrutaremos las cascadas.

*Recuerde que el monte es el hogar de plantas y animales y un bien que debemos cuidar entre todos.



O Camiño da Mera é un sendeiro circular non homologado de case 18 km. Parte da Área Recreativa Illa de Mera, ao que se accede no km 42 da AC-862 tomando a DP-6122, e discorre polas parroquias de Santiago de Mera e Santo Adrao de Veiga. Sinalizado con pivotes con franxa amarela e frechas indicadoras, conflúe cas rutas do Casón e Santo André de Teixido.

O camiño é apto para facer a pé ou en bicicleta.

Dende a Illa de Mera, a ruta diríxese cara a estrada xeral, que a atravesa, e toma dirección Porteiro. Comeza cun forte ascenso, remontando o río Vilariño ata chegar ás proximidades do parque eólico de Couce Penido e o miradoiro de Vilariño, a 467 metros de altura. Uns 3 km máis adiante atópase outro miradoiro, chamado Da Mesa. Dende calquera deles pódese gozar de fermosas vistas da ría de Ortigueira.

A partir do parque eólico, o nivel de dificultade da ruta baixa considerablemente ao comezar o descenso cara o Castelo do Casón, situado a 292 metros de altitude. Este xacemento arqueolóxico mostra os restos dunha antiga torre de vixilancia da alta Idade Media, desde a que era posible controlar toda a Ría, de Estaca de Bares ata Sismundi. O desnivel do terreo e o río Casón contribuían ao seu sistema defensivo.

Despois de visitar o Castelo do Casón retrocédese ata a fervenza do mesmo nome e 750 m máis abaixo á do Pozo do Inferno, formadas ambas en distintos puntos polo regato do Casón.

Unha vez no lugar do Casón, a ruta pasa por pequenos núcleos de poboación como As Cascas, As Raíces, A Casanova ou Os Muíños, para retomar o camiño de volta no lugar de Porteiro.

O itinerario está dentro do territorio do Xeoparque do Cabo Ortegal e pasa por varios puntos de interese xeolóxico.



Miradoiro/mirador de Vilariño



Miradoiro/mirador da Mesa



Castelo/castillo do Casón



Fervenza/cascada do Casón



Pozo do Inferno



Xeoloxía.

Varios puntos da ruta permiten estudar de preto a xeoloxía da zona. Por exemplo, o miradoiro de Vilariño está próximo a un dos enclaves con interese xeolóxico a nivel mundial do Xeoparque do Cabo Ortegal, o Geosite Flanco SE da Serra da Capelada, onde afloran **granulitas** de alta presión e **ecloxitas**, rochas formadas a 55 km e 70 km de profundidade respectivamente.

O Castelo do Casón atópase nun outeiro, produto da erosión diferencial sobre o maior afloramento de **ecloxitas da Terra**.

A fervenza de Pozo do Inferno é resultado dunha zona de fractura (limitada por dúas fallas) sobre **gneises**. A do Casón foi orixinada pola presenza dunha banda de duras ecloxitas, que o rego do Casón non puido desgastar.

Flora.

A flora varía moito ao longo da ruta, en función da altitude e a humidade.

Mentres nas zonas máis altas predominan eucaliptos e piñeiros, nos prados pódese ver xenciana, anemones, narcisos, careixós (amorodos silvestres) ou quitamerendas, e nos matos atópanse breixos, toxos e xestas.

Na ladeira dos montes persisten zonas de fraga con castiñeiros, carballos, sanguíños ou acivros. Sen embargo, nas ribeiras dos ríos hai frondosos bosques de salgueiros, abeleiras, ameneiros, espiños e bidueiros.

Sobresaen nas zonas máis húmidas e sombrías a cola de cabalo e a gran variedade de fentos, entre os que destacan algunhas reliquias da Era Terciaria (fai 66 millóns de anos) como a *Woodwardia radicans* (fento de cume).

Fauna.

Existe unha gran diversidade segundo as distintas unidades de vexetación.

Nas zonas húmidas é doado ver **píntegas**, nas de mato e prados a **víbora de Seoane** ou a vermella, mentres que nos piñeirais pódense observar pequenas **aves de bosque** como o paporrubio, o tordo ou o ferreiriño.

Tamén abundan os corzos, xabarís e raposos, moito máis difíciles de ver que os cabalos e o gando vacún, que se atopan pastando libremente pola serra.



Ecloxitas/Eclogitas



Tojos/tojos



Fentos/helechos



Píntega/salamandra



Vaca rubia galega



El Camino de la Mera es un sendero circular no homologado de casi 18 km. Parte del Área Recreativa Isla de Mera, al que se accede en el km 42 de la AC-862 tomando la DP-6122, y discurre por las parroquias de Santiago de Mera y San Adrián de Veiga. Señalizado con pivotes con franja amarilla y flechas indicadoras, confluye con las rutas del Casón y San Andrés de Teixido.

El camino es apto para hacer a pie o en bicicleta.

Desde la Isla de Mera, la ruta se dirige hacia la carretera general donde la atraviesa y toma dirección Porteiro. Comienza con un fuerte ascenso, remontando el río Vilariño hasta llegar a las cercanías del parque eólico de Couce Penido y el mirador de Vilariño, a 467 metros de altura. Unos 3 km más adelante se encuentra otro mirador, llamado Da Mesa. Desde cualquiera de ellos se puede disfrutar de hermosas vistas de la ría de Ortigueira.

A partir del parque eólico, el nivel de dificultad de la ruta baja considerablemente al comenzar el descenso hacia el Castillo del Casón, situado a 292 metros de altitud. Este yacimiento arqueológico muestra los restos de una antigua torre de vigilancia de la alta Edad Media, desde la que era posible controlar toda la Ría, de Estaca de Bares a Sismundi. El desnivel del terreno y el río Casón contribuían a su sistema defensivo.

Después de visitar el Castillo del Casón se retrocede hasta la cascada del mismo nombre y 750 m más abajo a la del Pozo do Inferno, formadas ambas en distintos puntos por el arroyo del Casón.

Una vez en el lugar del Casón la ruta pasa por pequeños núcleos de población como As Cascas, As Raíces, A Casanova o Os Muíños, para retomar el camino de vuelta en el lugar de Porteiro.

El itinerario está dentro del territorio del Geoparque del Cabo Ortegal y a lo largo de él se visitan varios puntos de interés geológico.



Geología.

Varios puntos de la ruta permiten estudiar de cerca la geología de la zona. Por ejemplo, el mirador de Vilariño está próximo a uno de los enclaves con interés geológico a nivel mundial del Geoparque del Cabo Ortegal, el Geosite Flanco SE de la Sierra de la Capelada, donde afloran granulitas de alta presión y eclogitas, rocas formadas a 55 km y 70 km de profundidad respectivamente.

El Castillo del Casón se encuentra en una colina, producto de la erosión diferencial sobre el mayor afloramiento de eclogitas de la Tierra.

La cascada de Pozo do Inferno es resultado de una zona de fractura (limitada por dos fallas) sobre gneises. La del Casón fue originada por la presencia de una banda de duras eclogitas, que el arroyo del Casón no pudo desgastar.

Flora.

La flora varía mucho a lo largo de la ruta, en función de la altitud y la humedad. Mientras en las zonas más altas predominan eucaliptos y pinos, en los prados se puede ver genciana, anémonas, narcisos, fresas silvestres o "quitamerendas", y en los matorrales se encuentran brezos, tojos y retamas.

En la ladera de los montes persisten zonas de bosque con castaños, robles, cornejos o acebos. Sin embargo, en las riberas de los ríos hay frondosos bosques de sauces, avellanos, alisos, espinos y abedules.

Sobresalen en las zonas más húmedas y sombrías la cola de caballo y la gran variedad de helechos, entre los que destacan algunas reliquias de la Era Terciaria (hace 66 millones de años) como la Woodwardia radicans (helecho de cumbre).

Fauna.

Existe una gran diversidad según las distintas unidades de vegetación.

En las zonas húmedas es fácil ver salamandras, en las de mato y prados la víbora de Seoane o la roja, mientras que en los pinares se pueden observar pequeñas aves de bosque como el petirrojo, el tordo o el carbonero. También abundan los corzos, jabalís y zorros, mucho más difíciles de ver que los caballos y el ganado vacuno, que se encuentran pastando libremente por la sierra.